## ACCIÓN 2: Competencias Clave

Un estudo realizado pola Consellaría de Emprego en relación aos usuarios da Bolsa de Emprego pon de manifesto unha considerable deficiencia nos niveis de formación e cualificación dos usuarios da Bolsa.



Dito estudo tal y como se pode comprobar no gráfico *"Nivel de Estudos",* demostra que o 32% das persoas inscritas na bolsa de emprego carece de estudos primarios. Por outra banda dende a Concellaría somos conscentes, e as estimacións así nolo indican, que os postos de traballo que se crean esixen cada vez un maior grao de cualificación.

Por isto, entre as accións mais relevantes levadas a cabo pola Concellaría, destacamos a homologación das especialidades formativas para impartir as unidades de competencias clave para os certificados de profesionalidade de Nivel 2; comunicación en lingua castelá, competencia dixital N2, comunicación en linguas estranxeiras (inglés) N2, comunicación ne linguas estranxeiras (francés) N2, competencia matemática N2, competencia en ciencia N2, competencia en tecnoloxía N2, competencias sociais (xeografía) N2, competencias sociais (historia) N2

As competencias clave proporcionarán aos participantes unha combinación de coñecementos e capacidades que lles facilitarán avances no seu perfil profesional.

Tamén perseguen motivar para progresar no mundo do emprego e na formación, e que lles sirvan así ás persoas para a súa realización e desenvolvemento profesional e persoal.

| COMPETENCIAS CLAVE | |
|---|---|
| OBXECTIVOS | A formación en competencias clave ten por finalidade esencial proporcionar unha capacitación básica, aplicada e breve, que lles posibilite o acceso á formación do certificado de profesionalidade a aquelas persoas que carezan dalgunha das titulacións ou acreditacións requiridas nos criterios de acceso aos módulos, a formación dos certificados das probas de avaliación en competencias clave. |
| CARÁCTERÍSTICAS | Impartiranse a formación no Multicentro de Torneiros. |
| DESTINATARIOS | Aquelas persoas que cumpran dezaseis anos no ano de realización da proba, e desexen cursar un certificado de profesionalidade.<br><br>Que non estean en posesión dalgunha destas titulacións ou acreditacións oficiais (para o nivel 2):<br>• Título da ESO<br>• Certificado de profesionalidade para o mesmo nivel<br>• Certificado de profesionalidade de nivel inferior na mesma familia e área profesional<br>• Celga 3 |

| | |
|---|---|
| FORMA DE ACCESO | • Solicitude de acceso os cursos de formación para cada unha das unidades de competencias clave na Consellaría de Emprego.<br>• Solicitude de inscrición en probas de competencias clave ante a Consellería de Traballo e Benestar.<br>• A persoa participante terá que realizar un exame ou proba sobre cada unha das competencias clave nas que realizou a inscrición. |
| EQUIPO | . Departamento de Formación (Concellaría de Emprego)<br>· Concellaría de Persoal.<br>· Persoal Docente contratado ó efecto. |
| PREVISIÓN ANUAL | O Instituto galego das Cualificacións dependente da Xunta de Galicia realizará convocatorias públicas de probas de avaliación en competencias clave que se publicarán no DOGA. |
| FINANCIAMENTO | Concellaría de Emprego<br>Consellaría de Traballo e Benestar<br>Fondo Social Europeo |